



*GULDRIZ (SANTIAGO)



A parroquia de Santiago de Guldrez atópase no sudeste do concello e conta cunha superficie de 8,7 km². Os seus 91 habitantes repártense en 7 lugares (A Abelleira, A Boleta, Guldrez de Abaixo, Guldrez de Arriba, A Leboreira, Seixalbo e As Veigas) cunha cifra de densidade poboacional de 10,46 hab/ km².



FRIOL
PQ. GULDRIZ

Podemos atopar en Guldriz un castro dos poucos que quedan en bo estado de conservación no noso concello. Neste caso está delimitado por un foso e ata non fai moito aínda había vestixios das vivendas, que foron empregadas para a construción de valados ou doutras vivendas de pedra.

O nome de Guldriz non só o leva a parroquia, senón tamén dúas das súas aldeas: **Guldriz de Arriba e Guldriz de Abaixo**. Estamos a falar das terras dun posuidor gótico, que segundo explica N. Ares sería *Guldericus* (Nicandro Ares, 2011). A partir desta base, o termo que evolucionou ata os nosos días é o seu xenitivo *Gulderici*, que perdeu o «e» interconsonántico e tamén o «i» final, o que favoreceu o son /θ/. Nos Tumbos de Sobrado xa aparece sinalada unha *villa Guldiriz/Golderiz* e unha *ecclesia Sancti Iacobi* (Santiago) nos séculos X e XIII. En canto á diferenciación entre arriba e abaixo (do lat. *ripa* e *bassus* respectivamente), cabe sinalar que se debe á situación de ambas aldeas en función da altitude.

A Abelleira provén do latín *apicularia*, plural de *apiculare* que significa «colmeiar» polo que seguramente se tratara dun lugar no que abundaban as colmeas. Outra teoría, aínda que menos afianzada, é a de Nicandro Ares que especula coa posibilidade de que proliferase a herba abelleira (tamén chamada herba melisa) e por iso a aldea adoptase este nome. Nembargantes, ambas teorías están intrínsecamente ligadas, xa que a herba abelleira débelle o seu nome ao cheiro semellante ao do limón que desprende, polo cal as abellas se ven atraídas. Así, non parece desatinado pensar que estes insectos se asentaran preto dos lugares nos que abundaba esta planta.

Outro lugar, **A Boleta**, sería un diminutivo de bóla (do lat. *bullā*) e di N. Ares que «podería aludir a algunha pequena bóla ou mámoa prehistórica de forma semiesférica, a carón da cal nacería unha vila, que perdurou na aldea actual» (Nicandro Ares, 2011).

A **Leboreira** viría de *Iepus* («lebre»), posiblemente do vocábulo *Ieporaria*, que na cultura grecorromana designaba aos parques onde se criaban e engordaban estes animais, posto que a súa carne era un manjar na época.

Do latín *saxum album* (pedra branca) procede **O Seixalbo**, unha aldea na que se atopa unha pequena capela dedicada a San Antón na que se misa o día 13 de xuño na honra a este.

Por último, **As Veigas** ten a súa raíz na voz prerromana *vaika/baika* que vén do ibero *vai* ou *ibai* l«rí» co sufixo *-ka* que en conxunto indica unha rexión do río, segundo Menéndez Pidal (Menéndez Pidal, 1968: 15). A súa evolución fonética sería polo tanto a seguinte: *VAIKA* > *VEIKA* (cambio natural do ditongo «ai» por «ei» no paso ás linguas románicas) > *VEIGA* (cambio da consoante velar xorda «k» pola súa sonora correspondente «g»). Adquire o significado de «terreo chan e fértil situado á beira dun río ou corrente de auga, no que hai prados e cultivos» (Di Galego).

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis